


DESCUBRE O SALNÉS PET FRIENDLY CO TEU AMIGO PELUDO!

Presentámosche unha guía completa para gozar dunhas vacacións coa túa mascota por oito concellos da mancomunidade do Salnés.

O seu clima, os espazos naturais, a riqueza de recursos patrimoniais e a calidade da súa gastronomía fan que sexa recoñecida internacionalmente. Se enriba che propoñemos compartir esta viaxe co teu mellor amigo... a experiencia só pode ser de dez!




Vaias onde vaias, o teu compañeiro fiel será benvido

osalnespetfriendly.com



A
ORI
XE


DE TODOS
OS CAMIÑOS



**Sé parte desta apaixonante historia.
Percorre a Orixe de todos os Camiños.**

Convidámoste a experimentar o inicio do fenómeno Xacobeo e percorrer o mesmo traxecto que seguiron os restos do Apóstolo Santiago na súa viaxe a Compostela.

Unha ruta a través de lugares naturais únicos que poderás emprender de cinco xeitos, a través de cinco camiños ou variantes diferentes. Nelas está contida a clave que te levará directamente á orixe.



CAMIÑO
Á ORIXE



ESCAPADA
Á ORIXE

A ORIXE DE
TODOS OS CAMIÑOS



VARIANTE
ESPIRITUAL

A ORIXE DE
TODOS OS CAMIÑOS



RUTA
PAI
SARMIENTO

A ORIXE DE
TODOS OS CAMIÑOS



NAVEGA
O CAMIÑO

A ORIXE DE
TODOS OS CAMIÑOS



osalnespetfriendly.com



osalnes.com

RUTAS PET FRIENDLY

A ORIXE DE
TODOS OS
CAMIÑOS




UNHA WEB INI-GUAU-LABLE!

www.osalnespetfriendly.com

Para que poidas gozar dunha experiencia memorable coa túa mascota, creamos unha web que che facilita todo o necesario.

Aquí atoparás información útil sobre os lugares e establecementos que permiten o acceso con animais, así como os servizos de asistencia dispoñibles.



Dende a nosa plataforma poderás filtrar e atopar o que buscas segundo as características da túa mascota:

Tamaños permitidos

S (1 a 10 kg) · M (10 a 25 kg) · L (25 a 50 kg)

Zonas permitidas

Interior · Exterior

Tipos de mascotas

Cans · Gatos · CPP

Extras

Bebedoiro · Comedeiro · Accesorios · Pack benvida · Menú dog friendly

QUE ANIMALADA DE SERVIZOS!



AQUÍ PODO DURMIR!

**Casas rurais · Apartamentos ·
Hoteis · Cámping · Pensións**

A túa familia non viaxa ao completo se a túa mascota non vai contigo. Por iso compilamos aloxamentos nos que poderedes gozar xuntos dunha escapada perfecta.

AQUÍ PODO COMER!

Cafeterías · Chiringuitos · Restaurantes

Nada máis probar a gastronomía da zona do Salnés, o primeiro que dirás será: guau! Atoparás alternativas para todos os gustos, para que ninguén quede con fame.

AQUÍ PODO PASALO BEN!

**Actividades náuticas · Adegas · Parques
caninos · Praias · Ruta da Camelia ·
Turismo activo**

Ti e máis a túa mascota non teredes tempo para aburrirvos. A comarca do Salnés ofrece innumerables maneiras de vivir momentos inesquecibles. Anímaste?

A ORIXE DE TODOS OS CAMIÑOS TAMÉN É PET FRIENDLY



Vive unha experiencia única tanto espiritual coma cultural e compárteala con quen máis queres, incluídas as túas mascotas.

Para facer o Camiño de Santiago existen moitas rutas de inicio, pero se como peregrino buscas unha experiencia única, a túa mellor opción será percorrer, polo menos unha vez na vida, a Orixé de todos os Camiños.

Este itinerario permitirache descubrir a comarca do Salnés a través de cinco variantes diferentes con lugares naturais impresionantes. Poderás escoller entre 'Camiño á Orixé', 'Escapada á Orixé', 'Navega o Camiño', 'Ruta Frei Sarmiento' ou a 'Variante Espiritual'.

E SE PRECISADES UNS MIMOS EXTRA...

- Coidadores
- Veterinarios
- Tendas de mascotas
- Salóns de peiteado caninos
- Transporte de mascotas
- Asociacións
- Adestramento canino

